

Bases da Convocatoria de Axudas a Escolas de Tríatlon e Péntatlon Moderno 2020

1 – Finalidade

A Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno (FEGATRI de agora en diante) establece as bases para a convocatoria de axudas para Escolas Deportivas.

Estas bases teñen por obxecto regular as axudas ás Escolas de Tríatlon e Péntatlon Moderno dos diferentes clubs con licenza FEGATRI para o fomento e promoción do tríatlon e do péntatlon nas categorías base na tempada deportiva 2020.

Enténdense por categorías base aquelas categorías de idade comprendidas entre pre-benxamín e cadete, ambas incluídas.

2 – Modalidades

Establécese dúas modalidades para esta convocatoria:

- **Modalidade A:** destinada a Escolas con antigüidade maior a dúas tempadas respecto á de aplicación desta convocatoria.
- **Modalidade B:** destinada a Escolas de nova creación, ou ás creadas nas dúas tempadas anteriores á de aplicación desta convocatoria.

3 – Entidades solicitantes e requisitos mínimos

As entidades deportivas solicitantes deberán cumprir os seguintes **requisitos xerais**:

- Pertencer a un club con licenza FEGATRI.
- Non ter débedas coa FEGATRI a data da solicitude da axuda.

Requisitos específicos modalidade A:

- Ter, cando menos, un adestrador ou adestradora con licenza de técnico en vigor coa FEGATRI a data de presentación de solicitudes.
- Compromiso asinado segundo o modelo do Anexo IV de manter, cando menos, un adestrador ou adestradora con licenza de técnico coa FEGATRI durante a tempada de aplicación desta convocatoria.
- Ter un mínimo de 15 licenzas de categorías base a data de presentación da solicitude.
- Ter participado con algún ou algunha deportista en probas de menores da FEGATRI nas dúas últimas tempadas, contando a actual.

Requisitos específicos modalidade B:

- Non superar o máximo de 8 licenzas de menores en ningunha das dúas tempadas anteriores á de aplicación desta convocatoria.
- Compromiso asinado segundo o modelo do Anexo IV de ter, cando menos, un adestrador ou adestradora con licenza de técnico coa FEGATRI durante a tempada de aplicación desta convocatoria.

- Compromiso asinado segundo o modelo do Anexo IV de contar cun mínimo de 8 licenzas de menores e de ter un mínimo de 8 participacións en probas de menores da FEGATRI durante a tempada de aplicación desta convocatoria.

Os requisitos relacionados coa FEGATRI (número de licenzas, técnicos, probas, etc.) serán verificados por esta, na súa base de datos, sen necesidade de que as entidades solicitantes aporten documentación extra.

4 – Condicións e contía das axudas

A dotación económica total aprobada pola FEGATRI nos seus orzamentos de 2019 para as axudas a Escolas Deportivas é dun total de 36.000 euros. Esta cantidade repartirase nas dúas modalidades da seguinte forma:

- a) 30.000 euros para a modalidade A.
- b) 6.000 euros para a modalidade B.

O procedemento de concesión das axudas tramitarase en réxime de concorrencia competitiva para a modalidade A, establecendo unha relación entre as solicitudes presentadas, en tempo e forma, de acordo cos criterios de valoración do punto 5 destas bases, e co límite orzamentario establecido.

Para a modalidade B, as axudas concederanse a todas aquelas solicitudes que verifiquen os requisitos mínimos do punto 3 destas bases, e sexan presentadas en tempo e forma, repartindo por igual o orzamento dispoñible, ata un máximo de 1.200 euros por escola.

De concederse menos de 6 axudas na modalidade B, o orzamento sobrante inicialmente asignado para a modalidade B, reasignarase ao reparto correspondente para a modalidade A.

Para a modalidade A, a axuda concederase preferentemente en forma de material; para a modalidade B, concederase en forma de axuda económica directa e/ou material.

5 – Criterios de valoración

Para establecer a prelación nas axudas concedidas na modalidade A, valoraranse os seguintes conceptos:

- número de licenzas da escola: ata 10 puntos
- porcentaxe de licenzas de categoría feminina respecto do total da escola: ata 5 puntos
- número de participacións en probas de menores organizadas pola FEGATRI: ata 5 puntos
- número de participacións en campiónatos de España oficiais de menores: ata 5 puntos
- número de probas de menores organizadas: ata 5 puntos
- número de licenzas FEGATRI de técnico: ata 3 puntos
- número de licenzas FEGATRI de técnico, con retribución económica a través de relación laboral, por parte da escola: ata 3 puntos
- número de deportistas menores con licenza de paratriatleta: ata 3 puntos
- número de deportistas participantes no campionato de España de menores por Autonomías: ata 2 puntos

En cada un dos criterios a valorar, a puntuación máxima asignarase á solicitude que presente o máximo valor nese concepto, e o resto de puntuacións para ese concepto asignarase de forma proporcional. A puntuación final será a suma das puntuacións obtidas por cada escola en cada un dos criterios.

A efectos de contabilización, entenderase participación nunha proba, tanto autonómica coma nacional, sempre e cando un triatleta tome a saída na mesma.

5 – Solicitudes e prazo de presentación

As solicitudes serán dirixidas á FEGATRI a través do seu correo electrónico info@fegatri.org con data límite do 15 de Setembro de 2019.

6 – Documentación

Todas as entidades solicitantes deberán presentar a seguinte documentación:

- Solicitud de axuda debidamente cumprimentada e asinada segundo o Anexo I (solicitud).
- Relacións de técnicos da entidade solicitante, segundo o Anexo II.
- Certificados negativos do *Registro Central de Delincuentes Sexuales*, expedidos pola administración competente (www.mjusticia.gob.es), de técnicos con licenza FEGATRI da entidade solicitante, reflectidos na solicitud, que manteñan contacto con menores.
- Declaración responsable da entidade beneficiaria de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, segundo o Anexo III.

Todas as entidades solicitantes da Modalidade A deberán aportar ademais:

- Compromiso asinado segundo o modelo do Anexo IV (técnicos).
- Documentación acreditativa ou xustificante da relación laboral entre os técnicos reflectidos na solicitud e a escola.
- Outra documentación que considere de interese.

E os solicitantes da Modalidade B deberán aportar:

- Compromiso asinado segundo o modelo do Anexo IV (licenzas, técnicos e participación en probas).
- Certificado bancario (CCC) ou documentación acreditativa da titularidade da conta na que desexa recibir a axuda económica directa.
- Outra documentación que considere de interese.

7 – Comisión de valoración e Resolución das solicitudes

Finalizado o prazo de recepción de solicitudes, a FEGATRI establecerá unha comisión técnica avaliadora que publicará primeiramente unha lista provisoria de solicitudes admitidas e non admitidas a trámite, especificando as posibles causas de exclusións, se as houbera, e establecendo un prazo de 5 días hábiles para que as entidades solicitantes excluídas aporten documentación ou fagan as alegacións que consideren oportunas. Nese mesmo prazo, a FEGATRI poderá ademais requirir ás escolas a documentación que estime oportuna para verificar calquera dos méritos alegados.

A resolución final das solicitudes de axudas concedidas, xunto coa súa contía, será publicada á maior brevidade posible, e será comunicada a todos os clubs por correo electrónico e publicada na páxina web da FEGATRI.

Porén, as axudas concedidas serán executadas soamente no momento que se verifique o cumprimento de todos os requisitos citados no punto 3 para cada unha das modalidades.

ANEXO I

SOLICITUDE DE AXUDA DE ESCOLAS DEPORTIVAS FEGATRI 2020

Don/Dona: _____

Representante legal da Escola de Tríatlon do club deportivo:

Con CIF: _____

E domicilio en: _____

SOLICITO:

Que a escola que represento sexa incluída na convocatoria de axudas a Escolas Deportivas da FEGATRI para a tempada 2020 dentro da modalidade:

- Modalidade A
- Modalidade B

aportando ademais a documentación acreditativa oportuna.

E para que así conste, asino en, _____ a ____ de _____ de 2019

Asdo. _____

ANEXO II

RELACIÓN DE EQUIPO TÉCNICO DA ESCOLA PARA AS AXUDAS DE ESCOLAS DEPORTIVAS FEGATRI 2020

Don/Dona: _____

Representante legal da Escola de Tríatlon do club deportivo:

Con CIF: _____

E domicilio en: _____

CERTIFICO:

Que a escola que represento conta, ou contará, cos seguintes adestradores e/ou adestradoras con licenza FEGATRI de técnico:

1. D/Dna _____, con DNI _____
2. D/Dna _____, con DNI _____
3. D/Dna _____, con DNI _____

(Engadir máis liñas se fose necesario)

E para que así conste, asino en, _____ a _____ de _____ de 2019

Asdo. _____

ANEXO III

DECLARACIÓN DE ESTAR AO CORRENTE NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E FRONTE Á SEGURIDAD SOCIAL

Don/Dona: _____

Representante legal do club deportivo: _____

Con CIF: _____

E domicilio en: _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que na data de sinatura deste documento, o club ao que represento está ao corrente no cumprimento de todas as obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

E para que así conste, asino en, _____ a _____ de _____ de 2019

Asdo. _____

ANEXO IV

COMPROMISO DE EQUIPO TÉCNICO E PARTICIPACIÓN EN PRBAS PARA AS AXUDAS DE ESCOLAS DEPORTIVAS FEGATRI 2020

Don/Dona: _____

Representante legal da Escola de Tríatlon do club deportivo:

Con CIF: _____

E domicilio en: _____

CERTIFICO:

Que para poder concorrer á convocatoria de axuda a Escolas Deportivas da FEGATRI 2020, a escola que represento comprométese ao seguinte (marque o que proceda):

- Manter cando menos un adestrador ou adestradora, con licencia de técnico FEGATRI, na escola do club durante a tempada 2020 (Modalidade A)
- Ter cando menos un un adestrador ou adestradora, con licencia de técnico FEGATRI, na escola do club durante a tempada 2020 (Modalidade B)
- Ter o mínimo esixido na convocatoria de licenzas de menores durante a tempada 2020 (Modalidade B)
- Participar, no mínimo esixido na convocatoria, en probas de menores da FEGATRI durante a tempada 2020 (Modalidade B)

E para que así conste, asino en, _____ a ____ de _____ de 2019

Asdo. _____